



**CURROS ENRÍQUEZ
EN PALABRAS
DE CELSO EMILIO FERREIRO**

*Celso Emilio
diante da casa de Curros.*

CONTEXTUALIZACIÓN DA CONFERENCIA

Foron os anos setenta momentos de cambios importantes na sociedade galega, o chamado tempo da Transición estaba inzado de multitude de iniciativas de todo tipo promovidas polos grupos políticos e polas entidades culturais que, de antiga ou de nova creación, reverdecían ou comezaban unha frenética actividade. A avidez por recuperar o tempo perdido, as inquedanzas dos máis motivados e mesmo os desexos de coñecer e de formarse de boa parte da poboación, animaban un tecido socio-cultural inqueda e dinámico.

En Ferrol, que para boa parte de Galicia segue a ser unha cidade descoñecida, pola súa situación xeográfica e polo xeral descoñecemento da súa historia, ese dinamismo socio-cultural tivo unha singular relevancia e as asociacións desenvolveron un

labor pioneiro en moitos aspectos, pero tamén transcendental, dadas as especiais características que como urbe vencellada ao Estado e especialmente ao estamento militar desde a súa creación artificial e por decreto, se poidera supor. Entre esas sociedades estaba –e está– o Real Coro Toxos e Froles, decana das entidades folclóricas galegas desde a súa fundación en 1914. “O Coro”, ou “O Toxos”, como a coñecemos por aquí, foi durante toda a súa historia o referente da presenza de Galicia na cidade, con altibaixos, loxicamente e dadas as circunstancias vividas despois, con momentos para o esquecemento, pero tamén escribindo páxinas gloriosas de acollemento e de protección e proxección de artistas, literatos e intelectuais galegos nunha cidade que, erróneamente, foi considerada como a menos galega de Galicia.

Contra desa forte presenza *estatal*, absolutamente incardinada na sociedade ferrolá e con especial agravio nos tempos da dictadura, e mesmo como reacción e resistencia a esa presión, o Toxos naceu para servir de cordón umbilical que permitise non esquecer as orixes, cantas veces deturpadas ou simplemente ocultadas para salferir e amolecer a identidade propia; aínda que é difícil ocultar a galeguidade dunha cidade que ten barrios que se chaman de vello Esteiro, Inferniño, Canido, Caranza, A Malata, A Graña, etc., e na que naceron figuras como Fontenla Leal, fundador da Academia Galega e grande amigo e colaborador de Curros en Cuba, ou Carballo Calero, só por poñer dous exemplos.

En definitiva, nese contexto e cando as forzas políticas de esquerda de carácter estatal tiñan moita importan-

cia polo propio carácter obreiro da cidade, alonxadas nas súas reivindicacións proletarias do galeguismo, o Toxos deu comezo a un programa de actividades culturais parello á que se entendía a súa esencia folclórica e programou durante anos diversos actos divulgativos e de identificación co propio: conferencias (Xosé Manuel González Reboredo para falar do antroido en Galicia), concertos (Amancio Prada no Teatro Jofre, recién chegado de volta de París, presentando o seu primeiro album "Vida e Morte"; os Festivais de Arte Galega coa participación de intérpretes de esencia reivindicativa –Miro Casavella e outros–), exposicións (Siro, Xaquín Marín), etc. Pois dentro desa dinámica hai que entender a presenza de Celso Emilio Ferreiro en Ferrol da man do Real Coro Toxos e Froles en 1978. C. E. Ferreiro vivía en Madrid colaborando na prensa (ABC, Informaciones) e dirixíndo a Cátedra de Cultura Galega do Ateneo madrileño, había cinco anos que volvera de Caracas e resultaba ser unha institución viva, obxecto de veneración e culto por parte das novas xeracións que, ademais de ter acadado un posto por dereito propio nas Letras Galegas, era tamén respec-

tado e admirado polos movementos da esquerda non especialmente identificados co mundo do galeguismo. A súa chegada a Ferrol naqueles intres hai que entendela como todo un acontecemento, os medios de comunicación volcáronse en facerlle entrevistas e o acto da súa conferencia estivo ateigado de xente.

A razón de que Celso Emilio Ferreiro viñese falar de Curros Enríquez tamén está xustificada, porque naquel ano 1978 conmemorábase o 70º cabodano do seu pasamento na Habana, hai exactamente trinta anos. Pero tamén existe outra razón, antes falabamos da importancia de Toxos en Ferrol, mais esquecimos falar da importancia de Toxos en Galicia antes da Guerra. Gracias á iniciativa de Toxos liderando –en razón de ser o decano– a todos os Coros Galegos do momento, fíxose o monumento a Curros obra de Francisco Asorey que está nos Cantóns da Coruña. Alí, aínda hoxe, nun lateral do monumento, pode lerse nunha placa fundida en bronce nos estaleiros ferroláns e deseñada polo escultor –tamén ferrolán– Juan Balás a relación de entidades folclóricas que cos seus concertos por toda

Galicia deron xuntado os cartos para facer o monumento, entre as que se atopaba, como non podía ser doutra maneira, a Coral de Ruada, de Ourense. Pero isto non era novo, xa o fixeran anteriormente, en 1917, co monumento a Rosalía que hai na Alameda de Santiago.

Xa que logo, servan estas palabras do poeta celanovés Ferreiro falando do vate por excelencia de Celanova para lembrar tamén o inxente labor que os tantas veces denostados coros galegos fixeron a prol de Galicia en momentos onde regalar o tempo que non se tiña para andar a pé ou a cabalo ou en vellos trastos que non andaban nin para atrás para levar a alegría do propio por toda Galicia, era moito máis que andar de festas e comelladas. Mentres non se faga un estudo serio e documentado do verdadeiro labor desenvolvido por estas entidades nas primeiras catro décadas do século XX, a historia recente de Galicia estará mancada.

Disfrutemos, pois, das gratas e sentidas verbas de Celso Emilio recordando a figura de Curros, que poide-mos gardar durante estes trinta anos nunha cinta magnetofónica.

Pedro Xosé Blanco Llano

Secretario en 1978
do Real Coro Toxos e Froles